

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

RESOLUCIÓN do 9 de novembro de 2023, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se amplían as zonas demarcadas pola presenza da praga de corentena denominada flavescencia dourada da vide e se establecen medidas urxentes para a súa erradicación e control na Comunidade Autónoma de Galicia.

Antecedentes:

A praga flavescencia dourada (FD) da vide, provocada polo organismo nocivo denominado *Grapevine flavescence dorée phytoplasma* é unha praga corentenaria da Unión regulada no Regulamento (UE) 2019/2072 e no Regulamento (UE) 2016/2031. O cicadélido *Scaphoideus titanus* é o insecto vector da FD.

O día 22 de setembro de 2022 publicouse no DOUE o Regulamento de execución (UE) 2022/1630 da Comisión, do 21 de setembro de 2022, polo que se establecen medidas para a contención de *Grapevine flavescence dorée phytoplasma* en determinadas zonas demarcadas. A través deste regulamento tamén se estableceu unha zona tampón de FD en Galicia de 2,5 km coa fronteira con Portugal, que abrangue varios concellos de Pontevedra e Ourense.

O día 20 de decembro de 2022 foi aprobado polo Comité Fitosanitario Nacional o Plan nacional de continxencia de flavescencia dourada da vide, que recolle as medidas que se deben adoptar contra a FD co obxectivo de impedir a súa aparición, e no caso de que apareza, actuar con rapidez e eficacia, determinar a súa distribución e combatela co fin de evitar a súa propagación e erradicala.

Durante o ano 2022 realizáronse prospeccións na zona tampón de FD de Galicia para detectar posibles plantas infectadas e a presenza do vector. Como consecuencia destas prospeccións confirmouse a presenza do vector en Galicia e en novembro de 2022 confirmouse a presenza de FD en 6 plantas de vide nos concellos de Arbo, Crecente e As Neves, na provincia de Pontevedra, e no concello de Padrenda en Ourense.

O día 2 de febreiro de 2023 foi publicada a Resolución do 20 de xaneiro de 2023, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (DOG núm. 23, do



2 de febreiro), que declarou a presenza de FD en Galicia, estableceu a zona demarcada e as medidas urxentes para a súa erradicación e control.

Durante as prospeccións realizadas durante o ano 2023 producíronse novas deteccións de FD e novas capturas do vector, o que fai preciso ampliar a zona demarcada e modificar as medidas de erradicación e control deste organismo. Por este motivo, cómpre recoller nun único documento normativo todas as medidas de aplicación.

Por todo o anteriormente exposto,

RESOLVO:

1. Actualizar a zona demarcada de FD da vide en Galicia que estará formada por:

Zona infestada: parcela ou instalación onde se confirme a presenza de FD en plantas do xénero *Vitis*.

Zona tampón:

a) Área de 2 km de raio ao redor da zona infestada. Inclúiranse a totalidade das parroquias afectadas.

b) A franxa dos 2,5 km coa fronteira con Portugal establecida polo Regulamento de execución (UE) 2022/1630 da Comisión, do 21 de setembro de 2022, que incluírá a totalidade das parroquias afectadas.

A presente resolución inclúe: mapa da nova zona demarcada de FD en Galicia (anexo I), relación de parcelas infestadas (anexo II), e relación de parroquias e concellos da zona tampón (anexo III). A zona demarcada poderá consultarse de forma actualizada na páxina web oficial da Consellería do Medio Rural:

<https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/agricultura/sanidade-vexetal/organismos-nocivos-de-corentena>

2. Para os efectos desta resolución defínense os seguintes conceptos:

Parcela vitícola: superficie determinada de terreo na cal un só viticultor cultiva a vide, formada por un recinto ou conxunto de recintos cunha ou varias referencias alfanuméricas



e representada graficamente no Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (Sixpac).

Parcela de produción: superficie de terreo en que un operador profesional produce planta de vide, formada por un recinto ou conxunto de recintos cunha ou varias referencias alfanuméricas e representada graficamente no Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (Sixpac).

Instalación: dependencia dun operador profesional de vexetais onde se produzan, almacenen ou comercialicen plantas de vide.

Operador profesional: persoa física ou xurídica que produza ou comercialice material vexetal de vide.

3. Establecer as seguintes medidas obrigatorias na zona infestada:

Medidas para titulares de parcelas vitícolas:

a) Eliminación e destrución, baixo control oficial, de todas as plantas de vide confirmadas como infestadas por flavescencia dourada, así como todas as plantas sintomáticas da mesma parcela, o antes posible e, como máis tarde, nos 20 días seguintes desde a notificación oficial ao titular da parcela. No caso de que na parcela infestada se detecte máis dun 20 % de plantas sintomáticas estudarase a posibilidade de eliminar e destruír todas as plantas da parcela infestada, especialmente no caso de que as plantas afectadas non estean agrupadas. Se a detección da praga se realiza nunha parcela abandonada será obrigatorio a eliminación e destrución de todas as plantas de vide da parcela.

A eliminación das plantas realizase preferentemente por arrinca ou, de non ser posible, mediante corta da planta e posterior aplicación de herbicidas que garanta que non se produza rebrote.

A destrución realizarase preferentemente *in situ* por incineración ou esteladura. No caso de que o material teña que ser trasladado, antes deberá ser tratado cun insecticida autorizado, e o traslado efectuarase de forma segura para evitar a propagación da praga.

b) Aplicación de tratamentos fitosanitarios con insecticidas autorizados en todas as plantas da parcela infestada de forma inmediata e, como máis tarde, nun prazo de 10 días



desde a notificación da presenza da praga sempre que as condicións climatolóxicas o permitan. Os tratamentos insecticidas realizaranse seguindo as indicacións que a Consellería do Medio Rural publique na súa páxina web. O titular deberá reflectir os tratamentos documentalmente.

Medidas para operadores profesionais:

No caso de que se detecte un positivo de FD en plantas nalgunha parcela de produción ou instalación dun operador profesional, establécense as seguintes medidas obrigatorias:

a) Eliminación e/ou destrución baixo control oficial, da planta confirmada positiva por FD. Ademais, immobilizaranse todas as plantas de vide que estean nas instalacións ou parcelas do operador profesional, que serán analizadas por lotes para detectar a posible presenza de FD. So poderán ser comercializados os lotes de plantas con resultado negativo a FD ou que reciban un tratamento de termoterapia nunha instalación autorizada.

b) Aplicación dun tratamento insecticida autorizado na parcela ou instalación onde se localizou o positivo de forma inmediata e, como máis tarde, nun prazo de 10 días desde a notificación da presenza da praga. Os tratamentos insecticidas realizaranse seguindo as indicacións que a Consellería do Medio Rural publique na súa páxina web. O titular deberá reflectir os tratamentos documentalmente.

4. Establecer as seguintes medidas obrigatorias na zona tampón:

Medidas obrigatorias para titulares das parcelas vitícolas e operadores profesionais:

a) Vixiar a presenza de flavescencia dourada nas súas parcelas ou instalacións e comunicar ás autoridades competentes calquera sospeita ou confirmación da presenza da praga.

b) Aplicar tratamentos fitosanitarios con insecticidas autorizados contra o insecto vector *Scaphoideus titanus*. Os tratamentos químicos iniciaranse nos períodos de voo do vector. A Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web as datas do comezo de voo do vector, a partir das cales serán obrigatorios estes tratamentos.

c) Os titulares de parcelas de viñedo que estean dentro da zona tampón de FD deberán eliminar e destruír as plantas sintomáticas a FD verificadas oficialmente.



d) Todas as plantacións abandonadas que estean dentro da zona tampón deberán ser arrincadas e destruídas polo seu titular.

e) Eliminaranse as plantas silvestres do xénero *Vitis* spp. e as plantas das especies *Ailanthus altissima*, *Alnus glutinosa* e *Clematis* sp. que estean a unha distancia inferior a 10 metros de parcelas de produción e instalacións de operadores profesionais de material vexetal de reprodución de *Vitis*.

5. Establecer as seguintes medidas obrigatorias para combater o insecto vector *Scaphoideus titanus*:

Cada vez que se detecte a presenza do vector *Scaphoideus titanus* positivo en FD será obrigatoria a realización de tratamentos fitosanitarios con insecticidas autorizados en todas as parcelas vitícolas ou instalacións. A Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web a listaxe das parroquias afectadas por estes tratamentos obrigatorios.

6. Establecer as seguintes medidas para a circulación de material vexetal de *Vitis*:

De acordo co establecido no Regulamento de execución (UE) 2021/2285 da Comisión, que modifica o Regulamento de execución (UE) 2019/2072, o material para plantación de *Vitis* L. para o seu traslado deberá cumprir con algunha das seguintes condicións:

1) Proceder dunha zona que se sabe que está libre de FD.

2) Proceder dunhas instalacións de produción nas cales:

a) Non se observan síntomas de FD en *Vitis* L. nas instalacións de produción nin na zona de 20 m de raio arredor desta, desde o inicio do último ciclo completo de vexetación.

No caso de vexetais utilizados para a multiplicación de *Vitis* L., non se observaron síntomas de FD no material de *Vitis* spp. nas instalacións de produción nin na zona de 20 m de raio arredor das instalacións de produción de enxertos, ou na zona de 40 m de raio arredor das instalacións de produción de portaenxertos, desde o inicio dos dous últimos ciclos completos de vexetación.

b) Os vectores sométense a vixilancia e, no caso de estaren presentes, aplícanse os tratamentos insecticidas axeitados para controlalos.



c) As plantacións de *Vitis L.* abandonadas nun raio de 20 m respecto das instalacións de produción foron arrincadas.

3) Someterse a un tratamento de termoterapia en instalacións autorizadas.


Realizarase esta comprobación en todas as certificacións finais de plantación de viñedo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2023

Silvestre José Balseiros Guinarte
Director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

ANEXO I

Plano de situación das zonas demarcadas de FD



ANEXO II
Relación de parcelas da zona infestada de FD

Provincia	Concello	Parroquia	Referencia catastral	
Ourense	Cortegada	Valongo (San Martiño)	32028A03900013	
			32028A04000051	
	Padrenda	Desteriz (San Miguel)	32057A00600064	
			32057A01300006	
			32057A01600116	
			32057A00600282	
			32057A00500067	
			32057A03500016	
			32057A03600001	
			O Condado (Santa María)	32057A00400455
				32057A00209002
			Padrenda (San Cibrán)	32057A04400330
				32057A03800006
				32057A04100033
				32057A03800215
	7257806NG6675N			
	32057A03800015			
	32057A03800029			
	32057A03800005			
	32057A03700156			
Pontedeiva	Pontedeiva (San Breixo)	1882415NG7618S		
	Trado (San Paio)	32065A00200228		
Pontevedra	A Cañiza	O Couto (San Bartolomeu)	36009A08900425	
		Valeixe (Santa Cristina)	36009A13600106	
			36009A13700343	
		36009A13500228		
	Arbo	Arbo (Santa María)	36001A03700396	
			36001A05800590	
			36001A03700325	
			36001A03700391	
			36001A01700003	
		36001A03700387		

CVE-DOG: pury76n6-s0u7-eqc0-56q7-66a6bvgmxmlh4



Provincia	Concello	Parroquia	Referencia catastral		
		Mourentán (San Cristovo)	36001A03500009		
			36001A03400756		
			36001A03400278		
		As Neves	Setados (Santa Euxenia)	36034A04900120	
		Crecente	Albeos (San Xoán)	36014A01000120	
				36014A01400111	
				36014A01500261	
				36014A01500253	
				36014A00300044	
				36014A00300142	
				36014A01100271	
		Crecente	Albeos (San Xoán)	36014A01100277	
				36014A01300354	
				36014A00300002	
				36014A01300335	
				36014A01300069	
				Crecente (San Pedro)	36014A01300062
					36014A00500166
					36014A00500179
					36014A00500230
					36014A00700107
					36014A00700042
					36014A00600478
					36014A02600965
			36014A02600854		
			36014A02600414		
			36014A04600104		
			O Freixo (San Roque)	36014A01900468	
		36014A01900464			
		36014A01800116			
		36014A01900326			
		36014A04800005			
		36014A01800151			
		36014A04800353			
		36014A01900356			

CVE-DOG: pury76n6-s0u7-eqc0-56q7-66a6bvgmxmlh4



Provincia	Concello	Parroquia	Referencia catastral
		Quintela (San Caetano)	36014A01600345
			36014A01601133
			36014A01600021
			36014A01600011
		Ribeira (Santa Mariña)	36014A04900557
			36014A00400119
			36014A04900681
			36014A00400274
			36014A00500092
			36014A04900019
			36014A01700808
			36014A01700807
			36014A04900429
			36014A00500013
	36014A04900216		
	O Rosal	San Miguel de Tabagón (San Miguel)	36048B50300359
	Oia	Loureza (San Mamede)	36036A04800456
Tomiño	Estás (Santiago)	36054B50100039	

ANEXO III
Relación de concellos e parroquias da zona tampón de FD

Provincia	Concello	Parroquia
Ourense	Cortegada	Cortegada (Santa María)
		Refoxos (San Breixo)
		Valongo (San Martiño)
	Gomesende	A Guía (Santa María)
		O Pao (Santa María)
		San Lourenzo de Fustáns (San Lourenzo)
	Padrenda	Crespos (San Xoán)
		Desteriz (San Miguel)
		Monte Redondo (San Xoán)
		O Condado (Santa María)
		Padrenda (San Cibrán)
		San Pedro da Torre (San Pedro)

CVE-DOG: pury76n6-s0u7-ecq0-56q7-66a6bvgmxmlh4



Provincia	Concello	Parroquia
	Pontedeiva	Pontedeiva (San Breixo)
		Trado (San Paio)
	Quintela de Leirado	Quintela de Leirado (San Paulo)
Pontevedra	A Cañiza	A Cañiza (Santa Teresa)
		Luneda (Santa María)
		O Couto (San Bartolomeu)
		Oroso (Santa María)
		Parada das Achas (Santiago)
		Valeixe (Santa Cristina)
		Arbo
	Barcela (San Xoán)	
	Cabeiras (San Sebastián)	
	Cequeliños (San Miguel)	
	Mourentán (San Cristovo)	
	Sela (Santa María)	
	As Neves	As Neves (Santa María)
		Liñares (Santa María)
		Rubiós (San Xoán)
		San Cibrán de Ribarteme (San Cibrán)
		Santiago de Ribarteme (Santiago)
		Setados (Santa Euxenia)
		Tortoreos (Santiago)
		Vide (Santa María)
	Crecente	A Ameixeira (San Bernabeu)
		Albeos (San Xoán)
		Angudes (San Xoán)
		Crecente (San Pedro)
		O Freixo (San Roque)
		Quintela (San Caetano)
		Rebordechán (Santa María)
		Ribeira (Santa Mariña)
		Sendelle (Santa Cruz)
		Vilar (San Xorxe)



Provincia	Concello	Parroquia
	O Rosal	As Eiras (San Bartolomeu)
		O Rosal (Santa Mariña)
		San Miguel de Tabagón (San Miguel)
		Tabagón (San Xoán)
	Oia	Loureza (San Mamede)
	Salceda de Caselas	Entenza (Santos Xusto e Pastor)
		Soutelo (San Vicente)
	Salvaterra de Miño	Alxén (San Paio)
		Arantei (San Pedro)
		Cabreira (San Miguel)
		Fiolledo (San Paio)
		Meder (Santo Adrián)
		Oleiros (Santa María)
		Pesqueiras (Santa Mariña)
		Porto (San Paulo)
		Salvaterra (San Lourenzo)
	Tomiño	Amorín (San Xoán)
		Currás (San Martiño)
		Estás (Santiago)
		Figueiró (San Martiño)
		Forcadela (San Pedro)
		Goián (San Cristovo)
		Piñeiro (San Salvador)
		Sobrada (San Salvador)
		Taborda (San Miguel)
		Tomiño (Santa María)
	Tui	Areas (Santa Mariña)
		Baldráns (Santiago)
		Caldelas de Tui (San Martiño)
		Guillarei (San Mamede)
		Paramos (San Xoán)
		Pazos de Reis (O Sagrario)
		Pexegueiro (San Miguel)
Randufe (Santa María da Guía)		
Rebordáns (San Bartolomeu)		
Tui (O Sagrario)		

